



BASES GALA DO DEPORTE DE CANGAS - 2018

O Concello de Cangas, a través da Concellaría de Deportes, convoca a **“GALA DO DEPORTE DE CANGAS”** que terá lugar o vindeiro venres, día 11 de xaneiro do 2019, no Auditorio **Municipal** a partires das 20.00 h, e que se desenvolverá coas seguintes bases:

1. A Gala do Deporte de Cangas ten como obxectivo primordial premiar a labor e o traballo dos/as mellores deportistas, homes e mulleres, en función dos seus éxitos deportivos no ano 2018 ou tempada 2017/18, así como facer un recoñecemento en diferentes apartados do deporte do noso concello (descritos no apartado 12).
2. Para poder ser nomeado/a a un dos premios desta Gala por modalidade deportiva, os/as deportistas deberán estar empadroados/as ou nados/as no Concello de Cangas e estar federados/as no seu deporte, inda que non compitan nun club de Cangas.
3. Os deportes que terán nomeamento son os que se detallan a continuación:

✓ Piragüismo	✓ Artes Marciais	✓ Tenis
✓ Atletismo	✓ Ciclismo	✓ Tenis de Mesa
✓ Remo	✓ Voleibol	✓ Patinaxe
✓ Vela / Windsurf	✓ Balonmán	✓ Baloncesto
✓ Motor	✓ Fútbol / Fútbol Sala	✓ OUTRAS modalidades
4. Os clubs deberán nomear a tres deportistas da súa entidade para a súa modalidade deportiva. Asimesmo poderán realizar os ditos nomeamentos calquera persoa ou entidade, cumprindo o recollido no apartado 2 destas bases.
5. Os nomeamentos, por medio da folla oficial que se achega nesta convocatoria, deberán presentarse **nas oficinas da Concellaría de Deportes**, sita na Rúa Real, 29 ou ben a través do correo electrónico: **deportes@cangas.gal**.
6. Na folla de nomeamento, deberán destacarse os éxitos deportivos acadados polos/as nomeados/as durante o ano 2018 ou tempada 2017/18, así como tódolos datos persoais solicitados e fotos dos electos. Posteriormente o xurado valorará os nomeamentos e determinará os premiados.



7. O prazo para a presentación das nominacións rematará ás 14.00 horas, do venres día 14 de decembro do 2018 (14.00 h).
8. Entre todas as nominacións presentadas para cada modalidade, o xurado determinará os/as gañadores/as en cada unha delas.
9. De entre tódolos/as deportistas electos, a organización a través do seu xurado, elixirá os/as gañadores/as para os premios ao mellor deportista masculino e feminino da tempada, que serán galardoados cun trofeo e unha bolsa de 250,00 € en material deportivo.
10. Asímesmo o xurado galardoará tamén cun trofeo e un bolsa de 150,00 € en material deportivo as mellores promesas masculina e feminina.
11. No respecto os dous puntos anteriores o premio poderá repartirse a mais dun deportista por coincidencia de méritos, ampliándose o importe das bolsas e no caso de que os/as candidatos/as propostos polos clubs, non reuniran os requisitos necesarios, a xuízo do xurado, este poderá elixir a aquel/a deportista que considere que ten mellores méritos para acceder á nominación.
12. A totalidade dos premios que se entregarán, serán polas seguintes modalidades:
 1. **Mellor deportista cangués/a por modalidade deportiva**
 2. **Recoñecemento a unha empresa pola súa axuda o deporte cangués**
 3. **Recoñecemento a unha persoa polo seu traballo co deporte de Cangas**
 4. **Mellor club**
 5. **Recoñecemento a unha persoa/entidade pola promoción do deporte popular e tradicional**
 6. **Recoñecemento a un/unha deportista cangués/a non en activo**
 7. **Mellor adestrador/a**
 8. **Mellor promesa feminina**
 9. **Mellor promesa masculina**
 10. **Premio DAVID CAL a proxección dos valores deportivos e culturais de Galicia**
 11. **Mellor deportista feminina**
 12. **Mellor deportista masculino**
 13. **Mellor Deportista Veterán/á**
 14. **Recoñecemento a un/unha deportista pola súa SUPERACIÓN**



Concello de Cangas

Concellaría de Ensino e Deporte

13. O xurado ten facultade para, en caso necesario, propoñer nomeamentos a maiores dos presentados polas entidades deportivas.
14. O xurado da Gala do Deporte de Cangas estará composto por unha franxa entre 9/11 membros, representados da seguinte forma:
 - **Concellaría de Deportes**
 - **Presidencia do club máis antigo de Cangas**
 - **Presidencia do club máis xove de Cangas**
 - **Representación de cada grupo político da actual corporación**
 - **Representación dos medios de comunicación.**
 - **Dúas persoas de asesoramento deportivo nomeadas polo Presidencia-Delegada**

Como Secretario do Xurado actuará o técnico-coordinador da Concellaría de Deportes, con voz pero sen voto. A xuntanza de deliberación será o martes, día **18 de decembro de 2018**, ás **20 horas** na Casa da Xuventude e Deporte.

15. O acto de entrega dos premios celebrarase o vindeiro día 11 de xaneiro do 2018 no Auditorio Municipal de Cangas.
16. Esta convocatoria farase pública en tódolos medios informativos da comarca do Morrazo e será enviada a tódalas Federacións Deportivas galegas con representación nos deportes nomeados.

Cangas, a 23 de outubro de 2018